

PREGO DE CONDICIÓNNS PARA AUTORIZAR O USO PRIVATIVO DAS PARCELAS 10 E 12 DA HORTA URBANA DE CALO E DAS PARCELAS 5,10 E 12 DA HORTA URBANA DE CACHEIRAS

1. Obxecto.

O obxecto do presente prego de condicións é regular o procedemento de adxudicación e o contido da autorización para o uso privativo das parcelas 10 e 12 da horta municipal de Calo, e das parcelas 5, 10 e 12 da horta urbana municipal de Cacheiras, habilitadas para hortas urbanas municipais, conforme ao establecido no Regulamento de funcionamento de hortas urbanas municipais do Concello de Teo, publicado no BOP da Coruña de 20 de maio de 2014 (en adiante, Regulamento).

A horta urbana municipal de Calo está situada no lugar de Fixo, urbanización Campos de Mirabel, dentro da parcela 22 do proxecto de compensación do SAUR 2, e ten unha superficie de 720 m², que se distribúen en 12 parcelas.

A horta urbana municipal de Cacheiras está situada no lugar de Tras do Eixo, parcela 177 do polígono 503, e ten unha superficie de 1.214 m², que se distribúen en 12 parcelas.

Tras os procedementos iniciados no seu día, para autorizar o uso privativo das citadas parcelas, por posteriores renuncias dos/as adxudicatarios/as, quedan actualmente cinco parcelas dispoñibles, dúas na horta urbana de Calo (parcelas 10 e 12) e tres na horta urbana de Tras do Eixo (5, 10 e 12).

De acordo co exposto, ao presente prego incorpóranse como anexo I os planos nos que se describen a situación das parcelas coa correspondente numeración, sendo as que se ofertan as numeradas como 10 e 12 da horta municipal de Calo, e como 5, 10 e 12 da horta urbana municipal de Cacheiras de acordo co procedemento establecido neste Prego.

De acordo co disposto no artigo 8 do Regulamento, reservarase un 20% das parcelas para casos de emerxencia social informados polos Servizos Sociais do Concello de Teo e outro 20% das parcelas para persoas maiores de 65 anos.

2. Natureza xurídica da autorización.

A ocupación de cada parcela conceptúase como unha utilización privativa dun ben demanial, que precisa do oportuno título habilitante. Este título, dadas as súas características, terá a consideración dunha autorización administrativa demanial, de acordo co previsto no artigo 86.2 da Lei 33/2003, de 3 de novembro, de patrimonio das Administracións Públicas (en adiante, LPAP).

As parcelas ás que se refire o presente, adxudicaranse polo período que reste ás demais parcelas das hortas urbanas xa ocupadas no momento da sinatura da acta de inicio, isto é, ata o 31/12/2022, e seguirán sendo de titularidade e propiedade do Concello de Teo.

3. Capacidade, requisitos e limitacións para ser titular das autorizacións.

Están capacitados para presentar solicitudes de participación neste procedemento de adxudicación única e exclusivamente as persoas físicas que teñan plena capacidade de obrar, non estean incursas en ningunha das circunstancias recollidas no artigo 71 e seguintes da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público como prohibitivas para contratar, e cumpran coas limitacións e requisitos que se establecen no presente Prego e no Regulamento de funcionamento das hortas urbanas municipais do Concello de Teo e demais que, no seu caso, resulten aplicables.

Cando, posteriormente ao outorgamento da autorización, o titular incorra nalgunha das prohibicións de contratar sinaladas, producirase a extinción da autorización.

Co obxecto de evitar posibles especulacións dos bens municipais, os usuarios das parcelas deberán cumprir as seguintes condicións:

- 1.- Non se poderá autorizar o uso das hortas municipais ás persoas xurídicas.

2.- Non se poderá conceder a unha mesma persoa, nin a unha unidade familiar, máis de unha parcela.

3.- Só poderán solicitar autorización de uso das hortas as persoas que estean empadroadas no Concello de Teo.

O Concello de Teo verificará se se cumpren os condicionantes, requisitos e limitacións establecidas no Regulamento. O non cumprimento destes determinará a exclusión do procedemento.

O Concello de Teo poderá recadar información de calquera solicitante en relación a algún dos extremos que sexa necesario para participar neste procedemento.

4. Publicación dos pregos e anuncio de apertura do procedemento de adxudicación.

Para maior garantía dos interesados, a publicación do presente Prego e a publicación da convocatoria, realizarase en unidade de acto. A estes efectos, o presente Prego de condicións e a restante documentación que integra o expediente estará a disposición das persoas interesadas na Secretaría do Concello, para o seu exame, a fin de que poidan presentarse reclamacións contra o Prego, durante o prazo de 10 días hábiles a contar dende o seguinte á publicación da convocatoria na páxina web do concello de Teo (www.concellodeteo.com). De producirse reclamacións ao prego, estas non suspenderán o prazo para a presentación de solicitudes e serán resoltas polo órgano de contratación. Porén, de producirse a estimación das mesmas procederá, chegado o caso, a modificación do Prego e a apertura dun novo proceso de adxudicación.

5. Presentación de solicitudes de adxudicación: lugar e prazo de presentación, formalidades e documentación.

5.1.- Lugar e prazo de presentación.- As solicitudes para ser adxudicatario/a das parcelas presentaranse no Rexistro Xeral do Concello, de luns a venres, de 8 a 14 horas, ou en calquera das formas previstas no artigo 16.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (en

adiante LPAC), durante o prazo de 10 días hábiles, contado a partir do seguinte ao da publicación da convocatoria na páxina web do Concello de Teo (sen prexuízo así mesmo da súa publicación no taboleiro de anuncios) e utilizándose a estes efectos o modelo incorporado ao presente como anexo II.

As solicitudes que se recibiran fóra do prazo fixado neste prego non serán admitidas, agás o previsto no parágrafo seguinte para as solicitudes remitidas en calquera dos rexistros, distintos do rexistro municipal, previstos no artigo 16.4 da LPAC. Nestes casos, a persoa interesada deberá acreditar dito envío o mesmo día que se produza, adxuntando o comprobante ou xustificante no correo municipal secretaria@teo.gal.

Sen cumprir tal requisito non será admitida a solicitude no caso de que se recibira con posterioridade á data e hora de terminación do prazo sinalado neste apartado anterior. A presentación das solicitudes de adxudicación de parcelas supón a aceptación incondicional do Prego de condicións e de cantas obrigas se deriven do mesmo.

5.2.- Formalidades e documentación. - A documentación que debe presentarse é a seguinte:

- Instancia na que se solicita a autorización de uso dunha parcela (anexo II). Tendo en conta que as parcelas que se van adxudicar pertencen ás dúas hortas urbanas municipais (Campos de Mirabel-Calo e Tras do Eixo-Cacheiras), as persoas interesadas deberán marcar neste impreso se desexan participar no sorteo dunha parcela dunha das hortas en concreto (marcar a que prefiren) ou se queren concorrer nas dúas hortas indistintamente (marcar ambas)
- Declaración xurada de estar ao corrente das obrigas tributarias (do Estado e da CCAA) e coa seguridade social, así como de non ter ningunha causa de incompatibilidade ou sentenza firme que lle impida contratar coa Administración (incluída no anexo II)
- Fotocopia do DNI ou do documento que legalmente o substitúa.
- Calquera documento que se estime oportuno para acreditar as circunstancias especiais que xustifiquen a autorización de uso de hortas sostibles.

O Concello verificará de oficio se a persoa interesada está ao corrente coas obrigas tributarias municipais e se está empadroada no mesmo.

6. Criterios de selección e adxudicación das hortas.

De conformidade co establecido no artigo 13 do Regulamento o sistema de adxudicación será por sorteo público entre todas as solicitudes presentadas, dentro do prazo de presentación de solicitudes, que resultaran admitidas.

7. Lista provisional. Requirimento de emendas. Lista definitiva.

Concluído o prazo de presentación de solicitudes de adxudicación, procederase ao estudo da documentación presentada.

Se se observaran defectos ou omisións emendables na solicitude ou documentación presentada, concederase un prazo non superior a 3 días hábiles para que os solicitantes as emenden. Dito requirimento publicarase no taboleiro de anuncios e na páxina web do concello de Teo (www.concellodeteo.com), sen prexuízo da súa notificación individual aos participantes.

As solicitudes que non fosen emendadas dentro do prazo habilitado ao efecto, serán excluídas do procedemento de adxudicación.

Igualmente serán excluídas do procedemento de adxudicación, sen necesidade de requirimento, as solicitudes que presenten defectos non emendables ou que non reúnan os requisitos ou a capacidade para participar no procedemento, ou non cumpran as condicionantes fixados no Prego.

O Concello de Teo queda facultado para facer requirimentos de aclaracións ou complemento en relación ás solicitudes presentadas. Ditos requirimentos deberán atenderse nun prazo non superior a 3 días hábiles, producíndose, noutro caso, a exclusión do procedemento de adxudicación.

Confeccionada a lista provisional de solicitudes admitidas expoñerase ao público, no taboleiro de anuncios e na páxina web do Concello de Teo (www.concellodeteo.com), a efectos de reclamacións, por prazo de 3 días hábiles.

Unha vez rematado o prazo de reclamacións resolveranse as reclamacións presentadas, de habelas, e publicarase a lista definitiva no taboleiro de anuncios e na páxina web do Concello de Teo (www.concellodeteo.com). Na lista definitiva farase constar as solicitudes excluídas, indicando o motivo da exclusión, e indicarse o lugar, data e hora na que se celebrará o sorteo.

8. Sorteo das parcelas.

O sorteo realizarase en presenza do alcalde ou concelleiro/a en quen delegue, e en presenza da secretaria do Concello ou funcionario/a en quen delegue, que dará fe do acto.

As persoas solicitantes que non obteñan parcela no sorteo pasarán a formar parte dunha lista de agarda, que quedará establecida no mesmo acto do sorteo, por orde do rexistro de entrada das solicitudes e servirá para cubrir as posibles baixas, segundo a orde que ocupen na referida lista.

9. Adxudicación das parcelas.

Rematado o sorteo farase unha proposta de adxudicación que será publicada no taboleiro de anuncios e na páxina web do Concello de Teo, a efectos de reclamacións, por prazo de 3 días hábiles.

Transcorrido este prazo e resoltas as reclamacións, mediante resolución da Alcaldía, adxudicaranse definitivamente as parcelas, previo requirimento e presentación ás persoas propostas como adxudicatarias da documentación correspondente.

O acordo de adxudicación conterà a asignación concreta das parcelas e seralle notificado a todas as persoas solicitantes, sexan ou non adxudicatarias, publicándose así mesmo no taboleiro de anuncios e na páxina web do Concello de Teo.

10. Autorización definitiva para uso das hortas.

De conformidade co establecido no artigo 14 do Regulamento, no prazo de 8 días procederase a expedir as correspondentes autorizacións demaniais para o uso privativo das parcelas.

Se as persoas adxudicatarias incumprisen as obrigas que se precisan no presente prego, renunciasen, causasen baixa ou perdesen o dereito ao uso das hortas, poderá autorizarse o uso aos solicitantes da lista de agarda, que cumpran os requisitos establecidos, de acordo coa orde recollida na mesma.

O uso das parcelas é persoal e intransferible, debendo o concesionario asinar unha acta de inicio de uso da parcela, conforme ao modelo que se acompaña como anexo III.

11. Duración da autorización.

A autorización, ao tratarse dunha adxudicación extraordinaria de parcelas que se atopan vacantes, rematará no mesmo momento no que remate a adxudicación das demais parcelas adxudicadas nas hortas ás que se refire o presente, o 31 de decembro de 2022. Unha vez esgotado o prazo de concesión, a horta reverterá no Concello.

12. Dereitos e obrigas dos adxudicatarios.

As persoas adxudicatarias das hortas non poderán transferir nin ceder o uso das parcelas a terceiros, baixo ningún concepto.

No suposto de que o/a titular da autorización non poida atender a horta temporalmente, poderá delegar noutra persoa por un período máximo de tres meses, previa comunicación e autorización polo Concello.

As persoas titulares da autorización terán os dereitos e as obrigas recollidos no Regulamento de funcionamento das hortas do Concello de Teo, en particular nos artigos 25 e seguintes do mesmo.

13. Causas de extinción e revogación.

A autorización extinguirase por calquera das causas recollidas no Regulamento de funcionamento de hortas urbanas municipais do concello de Teo. O Concello procederá a revogación da autorización de producirse algunha das circunstancias recollidas como causantes da mesma no citado Regulamento.

Así mesmo, o Concello poderá revogar unilateralmente as autorizacións en calquera momento por razóns de interese público, sen xerar dereito a indemnización, cando resultan incompatibles coas condicións xerais aprobadas con posterioridade, produzan danos no dominio público, impidan a súa utilización para actividades de maior interese público ou menoscaben o uso xeral.

O Concello resérvase a facultade de inspeccionar as hortas urbanas obxecto de autorización, para garantir que as mesmas son usadas de acordo cos termos da autorización.

14. Xurisdición competente.

As cuestións litixiosas xurdidas sobre interpretación, modificación, resolución e efectos dos contratos serán resoltas polos órganos de contratación. Estas resolucións esgotarán a vía administrativa e abrirán a vía contencioso-administrativa, a tenor da lei reguladora de dita xurisdición.

Porén, os interesados poderán interpor o recurso potestativo de reposición previsto nos artigos 123 e 124 da LPAC.

Teo, na data da sinatura dixital do presente.

O alcalde,

Rafael C. Sisto Edreira

ANEXO I

PLANOS HORTAS

**TRAS DO EIXO (CACHEIRAS) E
C. MIRABEL(CALO)**





ANEXO II

SOLICITUDE DE PARTICIPACIÓN NO PROCEDIMENTO DE ADXUDICACIÓN DE PARCELAS DE HORTAS URBANAS DE TEO

DATOS DA PERSOA SOLICITANTE

Apelidos

Nome

DNI / NIE

Data de nacemento

Enderezo completo

Teléfono/s de contacto e
dirección de correo
ELECTRÓNICO

QUENDA (sinale a que proceda)

- Xeral
- Maiores de 65 anos
- Usuarios/as dos servizos sociais municipais (achegar informe do departamento de servizos sociais municipais)

CONCORRENCIA AO SORTEO PARA PREFERENCIA DE PARCELA:Tendo en conta que as parcelas que se van adxudicar pertencen ás dúas hortas urbanas municipais (Campos de Mirabel-Calo e Tras do Eixo-Cacheiras), as persoas interesadas deberán marcar neste impreso se desexan participar no sorteo de parcela dunha das hortas en concreto (marcar a que prefiren) ou se queren concorrer nas dúas indistintamente (marcar ambas)

- Horta de Campos de Mirabel (Calo)
- Horta de Tras do Eixo (Cacheiras)

EXPÓN:

Que tendo coñecemento do procedemento que se tramita para a autorización de uso de parcelas de hortas urbanas no Concello de Teo e, estando interesado/a en participar nel, e aos efectos manifesta:

1.- Que acepta plenamente o prego de condicións aprobados ao efecto e cantas obrigas se deriven do mesmo, como participante no procedemento e, no seu caso, como adxudicatario/a e en consecuencia declara:

- Que está ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias e coa seguridade social (do Estado e da CCAA)
- Que non está incurso/a en ningunha das circunstancias recollidas no artigo 71 e seguintes da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público como prohibitivas para contratar
- Que está fisicamente e psiquicamente capacitado/a para realizar traballo de horta.
- Que se compromete a un correcto coidado e mantemento da horta.
- Que pode realizar tarefas agrícolas sen risco para a súa saúde.
- Que non forma parte dunha unidade familiar usuaria dunha horta urbana municipal do concello de Teo.
- Que se compromete a cumprir as disposicións establecidas no Regulamento de hortas urbanas do Concello de Teo.

2.- Que está empadroado/a no Concello de Teo e non ten débedas pendentes co concello.

SOLICITA:

Que previo os trámites oportunos se lle outorgue autorización para o uso dunha parcela das hortas urbanas municipais do concello de Teo.

DOCUMENTACIÓN QUE ACHEGA:

- Fotocopia do Documento Nacional de Identidade ou pasaporte.
- Outra (sinalar):

Teo, de de 20.....

Asdo. O/A solicitante

SR. ALCALDE DO CONCELLO DE TEO

ANEXO III: ACTA DE INICIO DE USO E COMPROMISO

Dun lado, a **persoa solicitante**

Nome e Apellidos	
DNI / NIE	
Enderezo completo	
Teléfono/s de contacto	

E, na **representación do Concello,**

Nome e Apellidos	
Cargo	

ACORDAN:

Que no día de hoxe (_____) da inicio o uso da horta urbana por parte de **A PERSOA INTERESADA** logo de que no procedemento de adxudicación lle fose concedida a parcela número _ da Horta urbana de _____

Que as dúas partes se comprometen e asumen o contido do Regulamento municipal de Hortas Urbanas, así como a restante lexislación aplicable.

A persoa interesada

Representante do Concello

-